

NOMEAMENTO TENENTES DE ALCALDE CORPORACIÓN 2023-2027

Con data 06/07/2023 ditase a Resolución da Alcaldía nº 676/2023, en materia de nomeamento de tenentes de alcalde da corporación 2023-2027, que se transcribe a continuación:

Unha vez celebradas as eleccións locais o pasado día 28 de maio, e constituído o novo concello, o día 17 de xuño, resulta necesario proceder ao establecemento da nova organización municipal, en particular polo que se refire á designación dos Tenentes de Alcalde.

Considerando que de conformidade co disposto polos artigos 20.1.a), 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, artigo 46 do R. D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas na Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigos 62 e 63, a designación dos Tenentes de Alcalde é competencia desta Alcaldía.

En virtude do exposto e en uso das atribucións que me confire a lexislación anteriormente mencionada,

RESOLVO:

PRIMEIRO

Nomear como Tenentes de Alcalde os/as seguintes Concelleiros/as, membros da Xunta de Goberno Local, pola orde que se indica:

- Primeiro/a Tenente de alcalde: Julio Alcalde Hermo
- Segundo/a Tenente de Alcalde: Ana Vidal Fungueiriño

SEGUNDO

Corresponde aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, o Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

Cando haxa de ausentarse, esta Alcaldía conferirá mediante resolución indicando a duración da súa ausencia e Tenente que asumirá as súas funcións, mais de non ser ditado expresamente, será substituído – caso de urxencia- polo Primeiro/a Tenente, ou no seu defecto, por calquera deles presente, sen que durante o mesmo día poda actuar mais dun deles.

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 545.144 exp. 2023/G003/000698

TERCEIRO

Comunicar este Decreto aos Tenentes de Alcalde nomeados, facéndolles constar que terán que manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas atribucións como Alcalde accidental, non podendo no citado exercicio, nin modificar as delegacións xa efectuadas por esta Alcaldía con anterioridade, nin outorgar outras novas.

CUARTO

Da presente resolución darase conta o Pleno do Concello na sesión extraordinaria que se convoque en cumprimento do previsto polo artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello, ser perxuizo da súa efectividade dende o día seguinte ao da presente resolución.

Rianxo, mércores 12 de xullo de 2023.

O alcalde, Julian Bustelo Abuin